MARÍA VÁZQUEZ

APUNTES BIOGRÁFICOS

MARÍA VÁZQUEZ EN MIÑO

NOTAS BIOGRÁFICAS

María Vázquez chegou ao concello de Miño no **ano 1929** para ser mestra na Escola Nº 2. Esta interesante e esquecida figura na loita polo dereito a unha educación igualitaria e de calidade nas nenas da vila conformou a súa personalidade loitadora e comprometida a través das súas experiencias vitais pasadas. Vexamos un pouco da súa biografía.

María naceu no ano 1895, filla dunha **familia acomodada que lle inculcou un pensamento liberal** e a animou a formarse e informarse. O seu pai fora tenente na Guerra de Cuba e, ao retirarse da carreira militar, empezou a traballar como xerente nunha fábrica de Coruña.

MIÑO FOI CLAVE NO SEU DESENVOLVEMENTO PERSOAL E COMA FIGURA PÚBLICA

Sempre estivo moi unida á súa familia. De feito, cando María obtivo o seu destino en Miño, o seu pai e a súa nai trasladáronse tamén á vila. A figura paterna, como dicimos, tivo moito que ver na súa **carreira de activista**. Anos máis tarde, logo do desgraciado final da vida de María, Joaquín Vázquez viviu coa culpa por ter prendido esa chama reivindicativa nela.

María chegou á localidade logo de traballar máis dunha década como mestra na Pobra do Caramiñal. A súa formación superior desenvolveuse na Escola Normal da Coruña entre o 1909 e 1913 e despois preparou as correspondentes oposicións no 1917. Un ano despois comeza na escola de nenas de Xobre (Pobra), onde a pesar de gañar experiencia na docencia, non conseguiu sentirse estimulada no ambiente conservador da vila. Foi precisamente ese **anhelo de "algo máis**" e o destino o que a fixo chegar a Miño en 1929, onde a pesar de vivir menos anos, estes foron esenciais para o seu desenvolvemento persoal e coma figura pública.

O impacto en Miño da figura de María Vázquez chega ata os nosos días. Os fillos das súas alumnas, xa dunha idade avanzada, seguen a falar da mestra que lle **inculcou valores** ás súas nais, que as animaba a estudar, a valorarse e que axudaba ás familias máis desfavorecidas da vila.

MODERNAS, SENSOMBREIRO E LIBERACIÓN DA MULLER

NOTAS BIOGRÁFICAS

A finais do século XIX, mulleres como Concepción Arenal ou Emilia Pardo Bazán comezan a alzar a voz e **reivindicar dereitos para as mulleres**, fomentando a creación do que se denominou "a muller moderna", concepto que seguiu crecendo grazas o movemento sufraxista internacional no que a figura de **Clara Campoamor** foi decisiva en España para o sufraxio feminino plasmado na constitución no 1931.

Este movemento de liberación feminino tivo a súa resposta no plano artístico, coñecido popularmente como "**as Sensombreiro**". Elas tiveron que loitar por facerse un oco nunha sociedade machista que non recoñeceu a súa labor do mesmo xeito que aos seus coetáneos homes. Nomes coma os de Maruja Mallo, Margarita Manso ou María Zambrano forman parte deste grupo, considerado "rebelde" e "transgresor" só por reivindicar o seu espazo nun mundo artístico monopolizado pola mirada masculina.

NO PRIMEIRO TERZO DO S.XX CONSEGUÍRONSE GRANDES AVANCES NA IGUALDADE

Neste ambiente, de relativa esperanza na consecución dunha igualdade maior entre homes e mulleres, é no que se cría María Vázquez. Recibiu unha **educación liberal** e moi marcada pola implicación política do seu pai, Joaquín Vázquez, que sempre a animou a cultivar o seu espírito crítico.

Na carreira política de María, os temas que máis habitualmente empregaba nos seus discursos eran a educación, a **situación da muller rural en Galicia** (en relación á reforma agraria emprendida polo goberno da Segunda República) e a participación da muller no ámbito político.

MARÍA VÁZQUEZ FEMINISTA

NOTAS BIOGRÁFICAS

A militancia de María Vázquez na causa feminista é transversal ao resto de aspectos da súa vida, como a súa implicación política ou mesmo a **visión empoderadora da educación** que tiña para as súas alumnas. Foi precisamente esa militancia política a que a levou a cumprir un dos fitos feministas da súa vida pública: ser a **primeira muller en facer unha intervención en público en Miño.**

O seu discurso público xiraba en torno a temas como a importancia da educación no futuro das mulleres e na súa conquista de dereitos. Tamén era firme defensora da participación igualitaria na política, feito que evidentemente predicaba co exemplo nas múltiples **intervencións que realizou entre os anos 1932 e 1934** en mítines, reunións e todo tipo de actos políticos e populares. Entre ese ano e 1936, no que é asasinada, desaparece da primeira liña política a causa da morte da súa nai e a enfermidade do seu pai.

Nos anos que vive en Miño colabora con diferentes asociacións e agrupacións: a Liga Internacional de Mulleres Ibéricas ou a **Agrupación Feminina Republicana**. Nesta última, compartía filas con outras mestras como a recoñecida sufraxista Amparo López Jean, Elvira Bao ou a encargada de introducir en Galicia o método educativo Montessori, María Barbeito. Outras figuras importantes que colaboraban ou amosaban simpatía coa Agrupación Feminina eran os intelectuais Alexandre Bóveda ou Antón Villar.

EDUCACIÓN IGUALITARIA E PARTICIPACIÓN NA VIDA POLÍTICA DAS MULLERES, NÚCLEO DO SEU DISCURSO FEMINISTA

MARÍA VÁZQUEZ E A OBRA SOCIAL

NOTAS BIOGRÁFICAS



Máis aló do seu traballo na Escola Nº 2 de Miño, a pegada de María na comunidade segue a ser recordada. As testemuñas coas que contactamos durante a elaboración deste proxecto, fillas e fillos das antigas alumnas de Dona María, aínda recordan como a mestra levaba ás máis maiores da escola a acompañala nas súas **obras de caridade**. Contan que para protexer a "dignidade" das familias ás que axudaba nun contexto social no que as aparencias importaban moito, sempre empregaba camiños secundarios e as horas nocturnas para ir facerlles doazóns ou levarlles os obxectos que precisaban. Cando as rapazas preguntaban por que facía isto, ela respondíalles que "o que faga a man dereita non o ten por que saber a man esquerda". É dicir, que os problemas que atravesaban estas persoas non eran da incumbencia do resto da vila.

DENDE A SÚA CHEGADA A VILA, ESTIVO COMPROMETIDA CON AXUDAR AOS QUE MÁIS O PRECISABAN

Nos poucos artigos escritos ata o momento sobre a vida de María Vázquez, a súa faceta máis social destaca sempre. Así, no artigo da revista Cátedra titulado "Que pouco vale unha mestra! Un achegamento á figura de María Vázquez Suárez" de Juan Sobrino Ceballos e Manuel Domínguez Ferro, fálase de que "os seus novos veciños axiña atoparán na mestra unha **muller receptiva e sensible cara os seus problemas**. E así, en marzo de 1931, ofrécese como postulante na recadación de fondos para atender á familia do secretario del xulgado, morto en accidente ferroviario en Perbes".

Unha das testemuñas directas máis lonxevas e que atenderon aos medios de comunicación interesados en coñecer a historia de María Vázquez, Balbina Somorrostro, dicía en 2009 sobre ese traballo de obra social que levaba a cabo a mestra: "Ela **axudou moito aos nenos pobres da vila**, mercáballes roupa e comida".

MARÍA VÁZQUEZ COMO MESTRA

NOTAS BIOGRÁFICAS

"¡Qué poco vale un maestro! ¿Por qué valen tan poco los maestros? Por la sencilla razón de que los necesitamos mucho". Esta frase da propia María Vázquez axúdanos a entender a súa visión da **educación como a base dunha sociedade xusta**. Está extraída dunha carta protesta dirixida ao director de Primeira Ensinanza en 1918 sobre a falta de prazas para as opositoras galegas de ensino e de un sistema de adxudicación que funcione adecuadamente.

Doce anos despois, **en 1929,** e tras unha estadía en Pobra do Caramiñal como mestra, chega a Miño. A **Escola Nº 2** acabara de abrir un ano antes no segundo andar do edificio do concello.

NA AULA, MARÍA NON ABANDEIRABA NINGUNHA COR POLÍTICA, SÓ A DA EDUCACIÓN IGUALITARIA E ESTIMULANTE

A súa metodoloxía educativa estaba marcada pola reforma que o goberno da Segunda República levara a cabo, así coma polo moderno **método Montessori**; que introducira en Galicia a súa compañeira de militancia política María Barbeito. Grazas a esta perspectiva avanzada ao seu tempo, hai rexistros de que realizou actividades tan novidosas para a época coma visitas escolares á redacción de La Voz de Galicia, o Monumento dos Mártires de Carral e outros lugares cheos de potencial educativo.

As testemuñas actuais coinciden en que o papel como mestra de Dona María non sofría ningunha interferencia coa súa militancia política. Dentro das aulas, as súas máximas eran a **educación de calidade e no respecto.** Defendía a posibilidade de escoller e de pensar das mulleres, de ser individuos activos na sociedade coa educación como chave a ese futuro. Non condicionaba ás súas alumnas **nin as adoutrinaba** nas súas crenzas republicanas e laicas.



A EDUCACIÓN TRAS MARÍA VÁZQUEZ

NOTAS BIOGRÁFICAS

A nosa protagonista foi **asasinada en agosto de 1936**, inmediatamente despois dos primeiros alzamentos que deron comezo á Guerra Civil. A pesar de levar anos retirada da vida política e pública, toda a vila sabía que Dona María estaba no punto de mira dos falanxistas. **Ela insistía en que non tiña nada que oculta**r, así que non fuxiu a outros países como fixeron tantas outras persoas. Foi apresada e encerrada no cárcere de Pontedeume, acompañada de colegas de profesión e finalmente foi executada na praia días despois.

Mentres Miño trataba de esquecer a figura de María Vázquez a marchas forzadas (non recibiu sepultura, as súas pertenzas foron saqueadas e o seu pai marchou da vila), unha nova mestra chegou a escola. Rosario Campillo foi descrita polas alumnas como o diametralmente oposto a Dona María e recórdana por prohibir a entrada na aula ás "fillas de rojos".

Este caso concreto da escola de Miño é unha perfecta metáfora do que aconteceu en España con respecto á educación. A reforma educativa levada a cabo durante a Segunda República contemplaba o acceso á **ensinanza de todos os nenos e nenas, sen importar as posibilidades económicas** da súa familia (algo no que María Vázquez traballaba a diario) e defendía unha **educación laica, pública e gratuíta.**

VIÑERON DÉCADAS DE EDUCACIÓN BASEADA NA RELIXIÓN E A EXALTACIÓN PATRIÓTICA

A chegada da guerra e logo da ditadura franquista supuxo un freo neste plan. **Miles de mestres foron fusilados ou depurado**s. O avance educativo e a reforma **substituironse pola exaltación patriótica**, a defensa dos valores católicos e a idea de que a educación non é responsabilidade directa do Estado, senón da Igrexa Católica. Que lle esperaba ás mulleres nun ambiente así? Esta frase do pedagogo do réxime Adolfo Maíllo responde ás nosas preguntas: "O problema da educación feminina esixe unha formulación nova (…) En primeiro lugar, imponse unha volta á sa tradición que vía na muller a filla, a esposa e a nai e non a 'intelectual' pedantesca que tenta en balde igualar ao home nos dominios da Ciencia. 'Cada cousa no seu sitio'. E o da muller non é o foro, nin o taller nin a fábrica, senón o fogar, coidando da casa e dos fillos, dos hábitos primeiros e fundamentais da súa vida volitiva e poñendo nos leceres ao marido un suave lume de espiritualidade e de amor".